

Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque eólico Monte Neme
Concellos:	Carballo e Malpica de Bergantiños (A Coruña)
Promotora:	Enel Green Power España, SLU
Remitido:	Servicio de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
Clave:	IN661A 2007/04
Expediente:	03.I.541.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA1507/2007 (Servizo de Arquitectura)

O 04.03.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, co artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e co artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos titulados *Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico Monte Neme. Decembro 2019* e *Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Parque Eólico Monte Neme no termo municipal de Carballo (A Coruña). Novembro 2019*.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 09.07.2007 o director xeral de Patrimonio Cultural informou favorablemente *Estudo de impacto ambiental do parque eólico Monte Neme (Carballo e Malpica de Bergantiños, A Coruña)*.

O 25.09.2019 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu autorizar a intervención Prospección arqueolóxica para a realización da *Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Proyecto del Parque Eólico Monte Neme, concello de Carballo y Malpica de Bergantiños (A Coruña)*, baixo a dirección do autorizou ao arqueólogo Cristobal Nodar Nodar da empresa ZETA Arqueoloxía, segundo proxecto promovido e presentado pola sociedade ENEL Green Power España, S.L. en data 10.09.2019. O proxecto recibiu o código **CT 102A 2019/624**.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm. 126, do 04.07.2022)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos



informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

Estudo de Impacto Ambiental

- O obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 16 MW, composto de 4 aeroxeradores de 4,0 MW de potencia nominal unitaria, modelo SG170-6.0 SIEMEN GAMESA ou similar, de 115 m de altura de buxa e 170 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias de cableado, torre meteorolóxica, zona de acopios, edificio de control, e subestación transformadora 33/66 kV (SET).
- A enerxía eléctrica xerada polo parque eólico Monte Neme evacuarase a través dunha LAT 66 kV obxecto doutro proxecto, que partirá da subestación transformadora do parque e se conectará coa SET Cabana, propiedade de UNION FENOSA.
- O acceso ao parque eólico está previsto desde o camiño existente paralelo á estrada AC-418, á altura do P.Q. 4 aproximadamente. O novo vieiro de acceso ao parque realizouse seguindo o trazado dun camiño existente que debido as súas características actuais será preciso adecuar.
- No documento ambiental analízanse, ademais da alternativa 0 de non execución, dúas alternativas de deseño do parque eólico (1 e 2) co mesmo número e posición concreta dos aeroxeradores pero diferente altura de buxa, sendo na alternativa 1 de 115 m e na alternativa 2 de 165 m. A posición da SET é a mesma nas dúas alternativas. Selecciónase como máis favorable para o desenvolvemento do proxecto a alternativa 1, xa que, segundo se indica no documento, son menos visibles a longas distancias e cumpre mellor o criterio de redución ao mínimo os impactos xerados/evitados.
- En relación co patrimonio cultural, no apartado 2.- *Identificación, xustificación e metodoloxía*, punto 2.3. *Metodoloxía* di que para definir o patrimonio histórico artístico e os valores arqueolóxicos da zona de influencia procedeuse á elaboración dun estudo arqueolóxico específico cuxo deseño e redacción foi responsabilidade da empresa Zeta Arqueoloxía, S.L.

No apartado 5.- *Inventario ambiental*, punto 5.7.- *Patrimonio cultural, etnográfico e industrial*, indícase que no entorno da area de afección directa das obras atopáronse os Muíños de Rego da Bandeira números 1, 2 e 3 que distan 247, 262 e 278 m do vieiro proxectado. No punto 5.7.1.- *Xacimentos arqueolóxicos*, recóllense 5 xacementos arqueolóxicos dos que 4 atópanse entorno a 1 Km, e na zona de emprazamento do parque sospeitase a existencia de un xacemento megalítico de círculos líticos.

- No apartado 9 *Medidas preventivas, correctoras e compensatorias*, punto 9.5. *Sobre o patrimonio cultural* establécese como medida preventiva o control e seguimento dos movementos de terras que se realicen durante o transcurso das obras.
- A **Addenda** *Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio. Parque Eólico Monte Neme*, incorpora no seu punto 4 a *Memoria de avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural do proxecto do parque eólico Monte Neme, concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños (A Coruña)*, asinada polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA, SL.. O documento consiste na avaliación do impacto sobre os bens do patrimonio cultural localizados na poligonal do parque eólico.

No seu apartado 8.- *Elementos do patrimonio cultural* identifica no entorno do proxecto, entendido este como a súa poligonal, un total de 12 elementos do patrimonio cultural, 7 de carácter arqueolóxico e 5 de carácter etnográfico. Inclúense fichas e valoración de impacto destes elementos.

Código/ Elemento	Causa do impacto e xustificación	Impacto
GA15043026, Eira das Mouras	A infraestrutura mais próxima ao xacemento e a Torre Meteorolóxica situada a 531 m ao SL.	Sen Impacto
GA15043033, _asinado &	A infraestrutura mais próxima ao xacemento e a Torre	Sen Impacto



enviado	Meteorolóxica situada a 2.050 m ao SL.	
GA15043034, Castro de A Devesa	A infraestrutura mais próxima ao xacemento e a Torre Meteorolóxica situada a 1.960 m ao SL.	Sen Impacto
RE15043002, Minas do Monte Neme	A infraestrutura mais próxima ao xacemento e a Torre Meteorolóxica a 320 m al SL do xacemento.	Sen Impacto
GA15019008, Castro de O Rodo	A infraestrutura mais próxima ao xacemento e a SET e zona de acopios a 482 m ao O.	Sen Impacto
GA15019039, Mámoa dos Chans	A infraestrutura mais próxima e a SET e a zona de acopios a 264 m ao O.	Sen Impacto
Top1 - Eira Vella/ Os Catros	A infraestrutura mais próxima é a plataforma do aeroxerador nº 4, situada a 135 m ao S do topónimo.	Sen Impacto
Hórreo de Aviño, Malpica	A infraestrutura máis próxima ao elemento é a torre meteorolóxica que se atopa a máis de 1.876 m ao SE do mesmo.	Sen impacto
Cruz de Aviño, Malpica	A infraestrutura máis próxima ao elemento é a torre meteorolóxica que se atopa a máis de 1.768 m ao SE do elemento.	Sen impacto
CP-0616 Muíño do Rego da Bandeira 1, Carballo	A infraestrutura máis próxima ao elemento é o vieiro de acceso ao parque eólico, que o arqueólogo sitúa a uns 247 m ao leste do elemento.	Sen impacto
CP-0617 Muíño do Rego da Bandeira 2, Carballo	A infraestrutura máis próxima ao elemento é o vieiro de acceso ao parque eólico, que o arqueólogo sitúa a uns 262 m ao leste do elemento.	Sen impacto
CP-0618 Muíño do Rego da Bandeira 3, Carballo	A infraestrutura máis próxima ao elemento é o vieiro de acceso ao parque eólico, que o arqueólogo sitúa a uns 278 m ao leste do elemento.	Sen impacto

O arqueólogo non propón medidas correctoras específicas para os bens do patrimonio cultural xa que considera que non presentan impacto, ao atoparse as infraestruturas proxectadas fóra dos ámbitos de protección dos elementos.

Como medidas correctoras xenéricas e de carácter xeral para os bens culturais propóñense as seguintes:

- Control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo en fase de replanteo e remoción de terras.
- Comunicación, ao equipo encargado do control e seguimento, do emprazamento de posibles zonas de acopio ou préstamo, como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto.
- Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
- Incorporación dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas nos planos dos responsables de obra.
- Balizado dos posibles elementos que apareceran durante as fases de replanteo e construción, sinalización na planimetría de obra, prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións e control e seguimento.

Proxecto sectorial

O proxecto sectorial redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Monte Neme.

- En relación co patrimonio cultural, no apartado 6. *Estudo de incidencia territorial*, punto 6.4. *Proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais* e no Anexo IV *Análise de compatibilidade estratéxica*, punto 1.2.4 *Conservación do patrimonio natural e cultural* fan referencia á prospección arqueolóxica que documentou 15 elementos do patrimonio cultural dentro da poligonal, dos cales só estaría afectado un elemento con impacto compatible. Por outra parte, no Anexo VI *Documento de síntese ambiental*, apartado 2 *Inventario ambiental*, dise que o patrimonio histórico



artístico presente nas inmediacións da área da obra está composto por un conxunto de 3 muíños, ademais dos vestixios dun posible círculo lítico coñecido como Eira das Mouras.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- O parque eólico obxecto de informe é un modificado do parque eólico informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 09.07.2007, mantendo a potencia total de 16 MW. As modificacións introducidas no proxecto baséanse principalmente na redución do nº de aeroxeradores pasando de 8 a 4, e no cambio de modelo de aeroxerador por un máis actualizado e de moita máis envergadura.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico e na súa poligonal existen bens do patrimonio cultural que son identificados na *Memoria de Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Monte Neme* incluída como addenda do EslA, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- A poligonal da memoria de prospección arqueolóxica (plano nº 1), baséase na poligonal da Área de Desenrolo Eólico (ADE) coa denominación de Monte Neme que é de maior tamaño e non coincide coa representada nos arquivos shp e na planimetría do EslA que é a poligonal do parque eólico.

Dous dos xacementos recollidos neste memoria de prospección atópanse fóra da poligonal do parque: o xacemento Fortificado de A Devesa (GA15043033), e Castro de A Devesa (GA15043034).

- Cómpre indicar que as distancias ás obras fixadas na memoria de avaliación (así como no texto da Adenda) para os tres muíños do rego da Bandeira (CP-0616, CP-0617 e CP-0618) son erróneas, xa que onde di 247 m, 262 m e 278 m respectivamente, debería dicir 150 m, 175 m e 190 m. Asemade, sitúa os muíños na parroquia de Oza, cando están na parroquia de Cances. Por conseguinte, as distancias a estes muíños referenciadas no EIA, apartado 5 *Inventario ambiental*, punto 5.7. *Patrimonio cultural, etnográfico e industrial*, tamén son erróneas.
- Non se concreta nos documentos o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar eses accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (xacementos arqueolóxicos, antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).

En relación con este acceso, pode observarse no visor do Plan básico autonómico e no catálogo do PXOM de Carballo que, fóra da poligonal, na zona onde está previsto o acceso ao parque eólico desde a estrada AC-414, existen bens do patrimonio cultural que non son identificados na devandita memoria. Entre os elementos de carácter etnográfico atópanse:

- **ER-0612 Cruceiro** (Cruceiro en Chousa Vella no PBA). Composto por fuste e cruz de sección cuadrangular, sen elementos escultóricos. Con interese como elemento simbólico e de referencia visual. Localízase a carón do vieiro que servirá de acceso ao parque e que será obxecto de acondicionamento, polo que o cruceiro e o seu contorno de protección van verse afectados.
- **CP-0619 Muíño do Rego da Bandeira 4**, parroquia de Cances. De planta rectangular e cachotería de granito. Localízase a uns 70 m do vieiro que servirá de acceso.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de impacto ambiental (Decembro 2019) cos datos e planimetría do Proxecto sectorial (Novembro 2019), compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto. Si existe discordancia en relación cos elementos identificados na prospección arqueolóxica, xa que o proxecto sectorial fala de 15 elementos, un deles afectado con impacto compatible, cando a prospección arqueolóxica soamente identifica 12 elementos, todos sen impacto.



INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio arqueolóxico se informa de xeito **favorable** os documentos do *Estudo de impacto ambiental (Decembro 2019)* e do *Proxecto sectorial (Novembro 2019)* do Parque eólico Monte Neme, debéndose ter en conta as medidas correctoras establecidas na *Memoria da Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural*, asinada polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA, SL, e achegada como addenda do EsIA, tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas...) e valorarase a posible afección a este elementos e os seus contornos de protección, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Cómpre sinalar que entre os elementos que se poden ver afectados está ao Cruceiro (ER-0612), ben do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia. Será necesario a presentación de cartografía de detalle onde se especifiquen as características da obra de acondicionamento do acceso e a súa relación co elemento, xunto coa correspondente avaliación de impacto e proposta de medidas protectora e correctoras.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Este proxecto contemplará as medidas protectoras e correctoras indicadas na Addenda *Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio. Parque Eólico Monte Neme*, mais as derivadas deste informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control e seguimento arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, intensivo, continuo e a pé de obra nos perímetros de 200 m dos bens arqueolóxicos existentes ou de calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras, así como nas áreas de control específicas establecidas no estudo.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra.
- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de material.
- Os elementos de patrimonio arqueolóxico e as súas áreas de protección deberán plasmarse na cartografía de obra.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.
- Respecto ao Proxecto Sectorial:
 - Deberá corrixirse a discordancia en relación aos elementos do patrimonio cultural recollidos



- na Memoria de prospección incluída no ESI.A.
- Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
 - Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
 - Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
 - Os concellos afectados (Carballo e Malpica de Bergantiños) deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, a entidade promotora ou os concellos deberá remitir o correspondente proxecto técnico de maneira previa a que se conceda a licenza municipal urbanística.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

